



# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA



### **Edita**

Instituto da Lingua Galega  
Universidade de Santiago de Compostela  
Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

**Correo electrónico:** [ilgsec@usc.gal](mailto:ilgsec@usc.gal)

**Páxina web:** <http://ilg.usc.gal/>

### **Teléfonos**

+34 8818 12815

+34 8818 12802

### **Maquetaxe**

Marta Negro Romero

A portada foi elaborada a partir dun deseño de Canva

Universidade de Santiago de Compostela, abril de 2024



Limiar .....	7
Organigrama .....	7
Persoal investigador vinculado.....	7
Persoal investigador Margarita Salas .....	7
Persoal investigador <i>ad honorem</i> .....	7
Persoal investigador predoutoral.....	7
Persoal de apoio .....	8
Persoal de administración e servizos .....	8
Persoal investigador colaborador.....	8
Alumnado en prácticas no ILG.....	8
Comisión Permanente .....	8
Consello Científico .....	8
Xunta de Goberno .....	8
Comisión Asesora Externa .....	8
Relación de liñas e proxectos de investigación .....	9
A.    Proxectos promovidos no seo do ILG.....	9
A1. Variación, cambio e contacto lingüístico .....	9
A1.1. Atlas Lingüístico Galego .....	9
A1.2. Atlas Linguistique Roman.....	11
A1.3. Atlas Linguarum Europae .....	11
A1.4. Léxico patrimonial galego e portugués .....	12
A1.5. Análise da competencia escrita en lingua galega do estudiantado de 2.º de Bacharelato .....	13
A1.6. Dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega (I): preparación de recursos, deseño e test inicial.....	15
A1.7. A prosa notarial. Características da produción documental na Galicia medieval (terras do Carballiño, de Celanova, do Ribeiro e de Trives) .....	15

A1.8. Gramática da lingua galega (RAG).....	17
A2. Discursos, identidades e ideoloxías .....	18
A2.1. A lingua das familias: mantemento, transmisión e cambio de lingua ao longo de tres xeracións.....	18
A2.2. Contacto lingüístico, cambio e identidade.....	18
A2.3. Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística .....	19
A2.4. Textos literarios e censura .....	21
A2.5. Sobre edición de textos.....	21
B1. Tecnoloxías lingüísticas.....	22
B1.1. Proxecto Nós: O galego na sociedade e economía da intelixencia artificial.....	22
B1.2. Interoperabilidade de recursos. Análise e produción automática de linguaxe natural.....	24
B2. Ferramentas e recursos para a preservación e difusión do patrimonio lingüístico-cultural .....	27
B2.1. Toponomasticon Hispaniae. S1: Toponimia de Galicia e Portugal .....	27
B2.2. A prosa literaria: textos historiográficos, romanescos e xurídicos .....	28
B2.3. Lingua viva.....	29
B2.4. DOA. Dialectoloxía cidadá .....	30
B2.5. Dicionario cultural do galego .....	30
B2.6. Portal da Cultura Impresa en Lingua Galega nos séculos XX e XXI (CILG20-21).....	31
B2.7. EDI-red.....	31
B2.8. Edición da obra de Martín Sarmiento .....	32
B2.9. Edición en liña do <i>Atlas Lingüístico Galego</i> .....	33
B3. Ferramentas e recursos para o estudo, a análise e a explotación de datos lingüísticos .....	33
B3.1. Arquivo do Galego Oral (AGO) .....	33

B3.2. Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega (CORILGA).....	34
B3.3. ParlaMint.....	35
B3.4. Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo (CGPA).....	36
B. Proxectos promovidos por outras institucións .....	37
Organización de cursos, conferencias, encontros científicos e outras actividades.....	38
A. Conferencias.....	38
B. Cursos .....	38
C. Xornadas.....	38
D. Simposios.....	39
E. <i>Visita e café</i> .....	39
A Actividade do persoal investigador.....	40
A. Conferencias, comunicacións e pósters en congresos e encontros científicos .....	40
B. Cursos e seminarios.....	45
C. Comités científicos e de redacción de revistas e coleccións .....	46
D. Publicacións e recursos dixitais.....	49
D1. Publicacións do ilg.....	49
D2. Recursos dixitais.....	50
D3. Publicacións de persoal do ILG .....	51
Capítulos de libro.....	51
Libros .....	55
Artigos en revistas .....	55
Edición de números especiais de revistas .....	57
Recensións.....	57
Artigos na prensa ou en blogs .....	57
Traducións .....	58
Unidades didácticas.....	58

E. Teses en curso .....	58
F. Contratos posdoutorais.....	59
G. Contratos predoutorais .....	59
H. Estadías de investigación.....	59
I. Visitas de investigación .....	59
J. Participación na organización de actividades académicas e científicas .....	60
K. Actividades relacionadas co ensino medio .....	61
k1. Charlas do Programa A Ponte entre o ensino medio e a USC .....	61
K2. Participación no Plan Proxecta da Xunta De Galicia.....	61
K3. Visitas ao ILG de centros de ensino .....	61
Convenios, subvencións, participación en estruturas de investigación, contribución institucional e premios.....	63
Convenios e subvencións .....	63
Participación en estruturas de investigación .....	64
Contribución institucional: organizacións sociais, académicas... ..	65
Premios e recoñecementos.....	67
Colaboracións .....	67
Resumo económico .....	68
Indicadores destacados dos últimos 5 anos.....	68
indicadores de innovación e investigación responsable (IRR) .....	71
N.º de consultas da páxina web e dos dez recursos máis visitados do ILG..	73

Co fin de darmos cumprimento ao establecido no Regulamento de Réxime Interno do Instituto da Lingua Galega (ILG) e mais nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, presentamos a memoria das actividades desenvolvidas polo ILG durante o ano 2023 para a súa aprobación ante o Consello de Goberno da Universidade. Esta memoria foi aprobada polo Consello Científico do ILG na xuntanza celebrada o 30 de abril de 2024 e pola súa Xunta de Goberno na reunión que tivo lugar o día 28 de maio de 2024. A presentación desta memoria obedece á nosa vontade de render contas do traballo realizado, así como ao desexo de transparencia e á responsabilidade social que rexe a actividade do Instituto.

O pasado 23 de maio de 2023 a Xunta de Goberno aprobou o Plan Estratéxico do ILG, en que se define a axenda científica para os próximos anos e establécense cinco liñas de investigación, todas elas en funcionamento actualmente, como mostran os proxectos activos que se recollen nesta memoria: 8 proxectos na liña de Variación, cambio e contacto lingüístico; 5 en Discursos, identidades e ideoloxías; 2 en Tecnoloxías Lingüísticas; 9 en Ferramentas e recursos para a preservación e difusión do patrimonio lingüístico-cultural; e 4 en Ferramentas e recursos para o estudo, a análise e a explotación de datos lingüísticos. Destacan, polo número de proxectos e pola súa notable produción científica, as liñas de Variación, cambio e contacto lingüístico e mais a de Ferramentas e recursos para a preservación e difusión patrimonio lingüístico-cultural. Son as dúas liñas que contan cunha maior tradición de investigación na historia do ILG, pois en boa medida derivan dos seus obxectivos fundacionais. Debemos lembrar neste sentido os proxectos vinculados á cartografía lingüística e a investigación en xeografía lingüística en xeral, que está na cerna do Instituto. Esta liña vese actualmente impulsada a través do novo proxecto de dixitalización do *Atlas Lingüístico Galego*, financiado mediante convenio asinado coa Fundación Barrié. Cómpre salientar tamén o interese e esforzo que sempre dedicou o ILG á preservación do patrimonio lingüístico e cultural, coa elaboración de corpus, tesouros, dicionarios e outros recursos, que buscan non só impulsar a investigación lingüística senón tamén contribuír á preservación da lingua e da cultura de Galicia.

Cabo destas liñas históricas outras abren novos camiños, como as Tecnoloxías Lingüísticas e o desenvolvemento de recursos e ferramentas que contribúen á análise e explotación de datos lingüísticos. Nestas liñas máis recentes é obrigado sinalar a colaboración co CÍTIUS (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes), con quen compartimos a dirección do “Proxecto Nós: o galego na sociedade e na economía da intelixencia artificial”, que ten o obxectivo de elaborar recursos e, coa colaboración de empresas do sector, desenvolver tecnoloxías lingüísticas para a lingua galega. Este proxecto actualmente está financiado no marco do PERTE da “Nueva Economía de la Lengua” para os anos 2023-2025 e forma parte da rede ILENIA (*Impulso de las Lenguas en la Inteligencia Artificial*), proxecto coordinado que ten como fin o desenvolvemento de recursos plurilingües, especialmente modelos multilingües de texto, voz e tradución automática nas linguas oficiais do Estado. En ILENIA participan, amais da USC, o Barcelona Supercomputing Center-Centro Nacional de Supercomputación (BSC-CNS), que coordina a rede, a Universidade de Alacante e a Universidade do País Vasco. Con todo, o Proxecto Nós ten un horizonte máis amplo e sen dúbida vai axudar a consolidar a posición de liderado do ILG no campo das Tecnoloxías da Fala, a fortalecer os vínculos e colaboracións cos centros citados e a favorecer o desenvolvemento de novos proxectos, así como o achado de novas vías de financiamento.

Aínda na área das Humanidades Dixitais, cabe destacar a participación do Instituto na rede INTELE, que xogou un papel decisivo na incorporación de España a CLARIN (Common Language Resources



and Technology Infrastructure) e DARIAH (Digital Research Infrastructure for the Arts and Humanities), infraestruturas europeas que teñen como obxectivo promover e apoiar o uso das tecnoloxías na investigación en lingüística e tamén en Artes e Humanidades e mais en Ciencias Sociais. Unha vez incorporada España ás mencionadas infraestruturas, a USC, canda outras nove entidades, asinaron un Protocolo Xeral de Actuación e constituíuse a rede de centros CLARIAH-ES, na que o ILG e o CÍTIUS figuran como centros encargados da posta en marcha do nodo galego. Lembremos tamén que o ILG xa proporciona servizos ás persoas investigadoras a través do Spanish CLARIN K-Center, do que forma parte desde 2022.

Esta intensa actividade investigadora foi acompañada dun importante traballo de divulgación e difusión. Ofrecéronse conferencias, xornadas e cursos de formación, non só para persoal do Instituto senón tamén abertos ao público. Así mesmo, tivo lugar o simposio anual que o Instituto celebra desde 2001 e que este ano levou por título *Contacto de linguas: identidades e ideoloxías lingüísticas*. Cómpre aquí destacar a colaboración co Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro, con quen compartimos na nosa axenda científica unha liña sobre o estudo da variación e o cambio lingüístico, que se materializa na organización dunha xornada anual (en 2023 celebramos a *II Xornada sobre variación e cambio lingüístico*), así como o intercambio anual co grupo de Procesos Cognitivos e Conduto da Facultade de Psicoloxía que xa vai pola súa terceira edición, *LingüísticaMente*. Ademais, este ano 2023 inauguramos o ciclo *Visita e café*, unha serie de eventos en que as persoas investigadoras visitantes presentan de maneira informal a súa investigación e procuran axuda no seu traballo de campo ou na súa pescuda bibliográfica. Fixeron as súas presentacións neste formato as sete investigadoras e investigadores que nos visitaron este ano e que proviñan de Middlebury College (EEUU), Universidade de São Paulo, Universidade Federal da Bahia, Universidade da República (Uruguai), Universidade de Texas en Austin (EEUU), Universidade Federal do Pará e Universidade de Varsovia.

Todas estas actividades mostran que o ILG non só aspira a defender a súa tradición investigadora e a conservar todo o capital simbólico que supón contar con máis de 50 anos de historia, ser o primeiro instituto de investigación da USC e ser, por tanto, o primeiro instituto da área de Humanidades. O ILG aspira tamén a consolidar a súa posición como centro de referencia para as Humanidades Dixitais e as Tecnoloxías Lingüísticas e a fortalecer a súa aposta pola interdisciplinidade e pola colaboración con outros centros e grupos, como vén facendo nos últimos anos. Ademais, non podemos esquecer que, xunta dese eixe que xira arredor da investigación, hai un decidido impulso á súa proxección exterior e á divulgación da súa investigación, que permite manter un diálogo coa sociedade e coñecer as necesidades que o Instituto pode e debe atender.

ELISA FERNÁNDEZ REI  
Directora do Instituto da Lingua Galega

## PERSOAL INVESTIGADOR VINCULADO

María Álvarez de la Granja (*secretaria*)  
Carme Ares Vázquez  
Ana Isabel Boullón Agrelo  
Xosé Carracedo Fraga  
Francisco A. Cidrás Escáneo  
María José Domínguez Vázquez  
Francisco Dubert García  
Francisco Fernández Rei  
Elisa Fernández Rei (*directora*)  
Manuel González González  
Ernesto X. González Seoane  
Carme Hermida Gulías  
M<sup>a</sup> Sol López Martínez  
Ramón Mariño Paz  
Henrique Monteagudo Romero  
Eduardo M. Moscoso Mato  
Xosé Luís Regueira Fernández  
María Teresa Sanmarco Bande  
Xulio Sousa Fernández  
Francisco Xavier Varela Barreiro  
Dolores Vilavedra Fernández

## PERSOAL INVESTIGADOR MARGARITA SALAS

Pablo García Martínez

## PERSOAL INVESTIGADOR AD HONOREM

Rosario Álvarez Blanco

## PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL

Iván Arias Arias	Contrato predoutoral FPU
Estela Fidalgo Garra	Contrato predoutoral da Xunta de Galicia
Elías González López	Contrato predoutoral da USC
Miguel Guisantes Alonso	Contrato predoutoral da USC
Clara Lago Caamaño	Contrato predoutoral FPU

## PERSOAL DE APOIO

María Baqueiro Vidal  
Jose Antonio Cutrín Garabal  
Eva María Domínguez Noya  
Lucía Doval Iglesias  
Noelia García Díaz  
Nuria García García  
Pedro García Louzao  
Xoán Carlos Goris García  
Elia Lago Pereira  
M<sup>a</sup> del Carmen Magariños Iglesias  
Antonio Moscoso Sánchez  
Marta Negro Romero  
Esther Nidáguila López  
M.<sup>a</sup> Carmen Pérez González  
Reyes Rodríguez Rodríguez  
Marta Vázquez Abuín  
Inés Veiga Mateos  
Adrián Vidal Miguéns  
Adina Ioana Vladu  
Florentina Xoubanova Montero

## PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Amparo Iglesias García	Conserxería
María Isabel Rial Otero	Responsable de asuntos económicos

## PERSOAL INVESTIGADOR COLABORADOR

Alba Aguite Cajiao	Rocío Hernández Arias
Serafín Alonso Pintos	Eduardo Louredo Rodríguez
Concepción Álvarez Pousa	Luz Méndez Fernández
Noemi Basanta Llanes	Anik Nandi
Marilena Ceccarelli	Gonzalo Navaza Blanco
Xosé Henrique Costas González	Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Luís Couceiro Pérez	Antón Palacio Sánchez
José Manuel Dopazo Entenza	Ricardo Pichel Gotérrez
Xosé Antonio Fernández Salgado	Facundo Reyna-Muniain
Isabel Fraga Carou	David Rodríguez Lorenzo
Miguel García-Fernández	M. <sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino
Xavier Gómez Guinovart	José António Souto Cabo

Gisela Tomé Lourido  
Gabino Segundo Vázquez Grandío

Raquel Vila-Amado  
Xosé Xove Ferreiro

## ALUMNADO EN PRÁCTICAS NO ILG

Roque Barcia González: alumno do Grao en Lingua e Literatura Galegas, curso 2022/2023.  
Telma Filipa Dias Mendes: alumna do Mestrado en Lexicografía EmLex, curso 2022/2023.  
Daniel Fernández López: alumno do Grao en Lingua e Literatura Galegas, curso 2023/2024.  
Isaura Framil de Amorín: alumna do Grao en Lingua e Literatura Galegas, curso 2022/2023.  
Lucía Ucha Vidal: alumna do Grao en Lingua e Literatura Galegas, curso 2022/2023.

## ÓRGANOS DE GOBERNO

### COMISIÓN PERMANENTE

Xosé Luís Regueira Fernández  
María Álvarez de la Granja  
Elisa Fernández Rei  
Pedro García Louzao  
Francisco Dubert García

### CONSELLO CIENTÍFICO

María Álvarez de la Granja  
Carme Ares Vázquez  
Ana Isabel Boullón Agrelo  
Xosé Carracedo Fraga  
Francisco A. Cidrás Escáneo  
Xosé Luís Couceiro Pérez  
María José Domínguez Vázquez  
Francisco Dubert García  
Elisa Fernández Rei  
Francisco Fernández Rei  
Estela Fidalgo Garra  
Ernesto X. González Seoane  
Carme Hermida Gulías  
Clara Lago Caamaño  
M.<sup>a</sup> Sol López Martínez

Ramón Lorenzo Vázquez  
Ramón Mariño Paz  
Luz Méndez Fernández  
Pedro García Louzao  
Henrique Monteagudo Romero  
Eduardo M. Moscoso Mato  
Marta Negro Romero  
Xosé Luís Regueira Fernández  
Reyes Rodríguez Rodríguez  
María Teresa Sanmarco Bande  
Antón Santamarina Fernández  
Xulio Sousa Fernández  
Francisco Xavier Varela Barreiro  
Dolores Vilavedra Fernández

## XUNTA DE GOBERNO

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela  
Directora do Instituto da Lingua Galega  
Secretaria do Instituto da Lingua Galega  
Presidenta do Consello da Cultura Galega  
Presidente da Real Academia Galega  
Secretario Xeral de Política Lingüística  
Representante do Consello de Goberno da USC  
Representante do Consello Social da USC  
Representante da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Xunta de Galicia)  
Presidente da Fundación Barrié  
Vicerreitor de Investigación e Innovación  
Decano da Facultade de Filoloxía da USC  
Director do Departamento de Filoloxía Galega da USC

## COMISIÓN ASESORA EXTERNA\*

Josefina Carrera-Sabaté (Universidade de Barcelona)  
Pilar García Mouton (CSIC)  
Johannes Kabatek (Universidade de Zurich)  
Lurdes de Castro Moutinho (Universidade de Aveiro)  
María del Carmen Parafita Couto (Universidade de Leiden / Universidade de Vigo)

\*Con anterioridade, ata xullo de 2023, integraron esta comisión Martin Maiden (Universidade de Oxford), Rita Marquilhas (Universidade de Lisboa) e Joan Torruella (Universidade Autónoma de Barcelona) xunto a Pilar García-Mouton (CSIC) e Johannes Kabatek (Universidade de Zurich), que continúan a formar parte dela.

# RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

## A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

### A. LINGUA E SOCIEDADE

#### A1. Variación, cambio e contacto lingüístico

##### A1.1. Atlas Lingüístico Galego

**Investigador responsable:** Xulio Sousa

**Membros do equipo:** Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Manuel González González, Francisco Dubert García, Carme Hermida Gulías, Antón Santamarina, Lucía Doval Iglesias, Reyes Rodríguez Rodríguez, Raquel Vila-Amado

**Informática:** Jose Antonio Cutrín Garabal

**Financiamento:** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e coa Fundación Barrié

**Páxina web:** <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-alga>

**Recurso dixital:** <http://ilg.usc.gal/indices/>

##### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

Durante este ano continuouse o traballo de preparación dos materiais do *Atlas Lingüístico Galego* co fin de publicar tres novos volumes de léxico; ademais proseguíuse cos traballos de mantemento da base de datos do proxecto e das páxinas de difusión de resultados. En detalle os traballos realizados son os que se detallan:

1. Mantemento da base de datos informática: incorporación e revisión dos materiais do volume de Fauna; revisión e corrección de datos do volume Agricultura I.
2. Selección e preparación de materiais do *ALGa* para a incorporación ós proxectos internacionais *Atlas Linguarum Europae* e *Atlas Linguistique Roman*. Procesáronse os materiais para as reunións dos equipos dos proxectos (setembro de 2023, Bucarest).
3. Selección e preparación de materiais do *ALGa* para incorporar ós proxectos *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* e *Patrimonio léxico da Gallaecia*. Seleccionáronse e iniciouse o procesamento dos materiais do volume VI (Léxico. Terra, plantas e árbores); para este labor contouse coa colaboración de estudantes en prácticas do Grao de Lingua e Literatura galegas.
4. Actualización dos índices publicados no sitio web do ILG. Iniciouse o tratamento dos datos correspondentes ó volume Ser humano III, que será publicado neste ano, para a incorporación á base de datos.
5. Explotación cuantitativa dos materiais publicados e inéditos do *ALGa*. Incorporouse ás bases de datos dos programas de dialectometría VDM e Gabmap información dos volumes V e VI.
6. Revisión da redacción definitiva dun novo volume do *ALGa*. Revisáronse as últimas versións do 90% dos mapas e notas do volume Ser humano III.

7. Redacción de mapas (elaboración cartográfica, lendas e notas) dos volumes que están en vías de elaboración: volume Fauna (50 mapas e notas) e volume Agricultura I (45 mapas e notas).

## CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

### Publicacións

- Dubert García, Francisco (2023): “Tempo e liberdade: galego e complexidade de arquitectura nos dialectos iberorrománicos noroccidentais”, en Aroldo Andrade, Elisângela Gonçalves e Pablo Faria (eds.), *A mudança linguística em várias perspectivas*. Volume I, 85-110. Campinas: Mercado de Letras. <https://www.mercado-de-lettras.com.br/livro-mway.php?codid=865>
- Fernández Rei, Francisco (2023): “A investigación no ILG (1971-1990) e a importancia do ALGa na estandarización da lingua galega”, *Estudios Hispánicos* 31, 21-37. Coordinador Aleksander Trojanowski. Universidade de Wrocław. <https://doi.org/10.19195/2084-2546.31.2>
- González González, Manuel (2023): “Las denominaciones del manzano en gallego”, en Isabel Molina Martos, Esther Hernández, Pedro Martín Butragueño e Eva Mendieta (eds.), *Caminos y palabras. Estudios de variación lingüística dedicados a Pilar García Mouton*. Valencia: Tirant Humanidades.
- Sousa, Xulio (2023): “Galician dialect classification”, *Dialectologia, Special Issue XI*.
- Sousa, Xulio (2023): “Vitalidad, diversidad y cambio en el léxico del gallego rural del siglo XX”, en Isabel Molina Martos, Esther Hernández, Pedro Martín Butragueño e Eva Mendieta (eds.), *Caminos y palabras. Estudios de variación lingüística dedicados a Pilar García Mouton*. Valencia: Tirant Humanidades, 225-238.

### Participación en congresos e simposios

- Álvarez, Rosario (2023): “Diálogo norte-sur en la fachada atlántica: gallego y portugués”. Panel 1.7. *Las relaciones entre las lenguas ibéricas. Mestizaje y factores culturales. IX Congreso Internacional de la Lengua Española. Lengua española, mestizaje e interculturalidad. Historia y futuro*. Organizadores: Instituto Cervantes / Real Academia Española / Asociación de Academias de la Lengua Española. Cádiz: 27-30 de marzo de 2023.
- Álvarez, Rosario (2023): “Unidade, variación, mudanza: a lingua do sur do Barbanza”. Conferencia no encontro *A Pobra do Caramiñal no tempo. VI Xornadas de divulgación histórica e patrimonial*, organizado polo Concello da Pobra do Caramiñal. Patrimonio. A Pobra do Caramiñal, 7-8 outubro de 2023.
- Dubert García, Francisco (2023): “*Fixeno, fono*. More data on the linguistic convergence between Galician and Asturian-Leonese within the linguistic area of Gallaecia Magna”, en *Xth Congress of the International Society for Dialectology and Geolinguistics*. Bucarest, 4-8 de setembro de 2023.
- Dubert García, Francisco (2023): “Variación xeolectal na expresión da segunda persoa de plural dos verbos no noroeste ibérico”, en *III Congreso Internacional em Variação Linguística nas Línguas Românicas*. Aveiro: Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro, 28, 29 e 30 de xuño de 2023.

## A1.2. Atlas Linguistique Roman

**Investigador responsable:** Manuel González González

**Membros do equipo:** Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Xulio Sousa, Francisco Dubert García, Xosé Afonso Álvarez, Alba Aguete Cajiao

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. A actualización da bibliografía de carácter xeral que recolle as obras lexicográficas e dialectolóxicas de carácter xeral sobre Galicia, que son obxecto de consulta habitual por parte dos redactores das sínteses románicas, independentemente do referente de que se ocupe cada síntese.
2. Elaboráronse as síntese galegas dos seguintes conceptos, tal como estaba previsto na programación para o ano 2023:
  - Le tourbillon de vent
  - Se mettre à l'abri de la pluie (ou du vent)
  - La flaque d'eau
  - La boue après la pluie
  - La grêle et le grêlon
3. Revisáronse as sínteses románicas seguintes:
  - a. Les désignations romanes de *scier*, elaborada por Guylaine Brun-Trigaud & Lucia Molinu.
  - b. Les désignations romanes du *champignon*, elaborada por Carole Chauvin-Payan.
4. Achegáronse novos datos das últimas sínteses románicas, con establecemento normalizado das motivacións para a súa incorporación á DBALiR.

## A1.3. Atlas Linguarum Europae

**Investigador responsable:** Manuel González González

**Membros do equipo:** Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Xulio Sousa, Francisco Dubert García, Xosé Afonso Álvarez, Alba Aguete Cajiao

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. O investigador responsable participou do 4 ao 8 de xuño de 2023 no *55th Editorial Board Meeting of the Atlas Linguarum Europae* (ALE, que se desenvolveu dentro do X<sup>th</sup> Congress of the International Society for Dialectology and Geolinguistics, en Bucuresti (Romanía), onde:
  - Levou a cabo o seguimento do tratamento dos datos referidos ao galego nas sínteses europeas.
  - Revisou o tratamento xeral dos datos das linguas da familia románica dentro das sínteses europeas presentadas.
  - Asumiu para o comité galego a redacción dunha síntese europea para o próximo volume do ALE.
2. O investigador responsable foi convidado a impartir unha conferencia co título “O *Atlas Linguarum Europae*, o primeiro atlas de dominio continental” dentro do Simposio *Romanian Dialects and Romance Dialectology*, que tivo lugar en Zurich os días 8 e 9 de xuño de 2023, coorganizado pola Academia das Ciencias de Romanía e a Universidade de Zúrich.



## A1.4. Léxico patrimonial galego e portugués

**Investigadoras responsables:** Rosario Álvarez Blanco / María Álvarez de la Granja

**Membros do equipo:** Ernesto X. González Seoane, Marta Negro Romero, María Teresa Sanmarco Bande, Xulio Sousa, Eduardo Louredo Rodríguez

**Informática:** José Antonio Cutrín Garabal

**Proxectos de cooperación:** A relación de membros e universidades participantes, en Galicia, Portugal e Brasil, figuran en <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gj/equipo.html>

**Páxina web:** <http://ilg.usc.gal/gj/proxectos/tesouro-do-lexico-patrimonial-galego-eportugues;>  
<https://ilg.usc.gal/gj/proxectos/patrimonio-lexico-da-gallaecia>

**Recurso dixital:** [http://ilg.usc.gal/Tesouro/;](http://ilg.usc.gal/Tesouro/) <https://ilg.usc.gal/plg/>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. O ano 2023 pechouse con 301.770 rexistros no banco de datos do *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*, o que supón un incremento de 8291. Proceden de 11 novas obras, todas de Galicia. Conforme o programa previsto, continuouse coa introdución de vocabularios de temáticas específicas (ferraría, viticultura e enoloxía, cultivo e elaboración da febra de liño, ferramentas) e grandes glosarios de pequeno dominio (Sobrado dos Monxes, Xunqueira de Ambía); ademais introducíronse cinco vocabularios procedentes de colaboracións con centros de ensino non universitario no marco do proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* (Plan Proxecta) (Fologoso do Courel, Ponte Caldelas, A Fonsagrada, Cangas & Moaña, O Saviñao). Ao rematar 2023, o número de rexistros correspondía a 72.925 lemas diferentes realizados en 119.095 variantes.
2. Actualizouse o Inventario de obras de léxico dialectal galego e portugués con referenciación xeográfica, que ao final de 2023 contaba con 452 rexistros.
3. Participouse un ano máis no Plan Proxecta da Xunta de Galicia, co proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*.

### CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

#### Publicacións

Álvarez, Rosario (2022): “Patrimonio léxico da Gallaecia. Xeolingüística, diacronía e estandarización”, en María Álvarez de la Granja e Marta Negro Romero (eds.), *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 55-87. DOI: [10.17075/lpct.2022.002](https://doi.org/10.17075/lpct.2022.002).

Álvarez de la Granja, María (2022): “Un novo recurso para o coñecemento do vocabulario dialectal: *Patrimonio Léxico da Gallaecia*”, en María Álvarez de la Granja e Marta Negro Romero (eds.), *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 21-54. DOI: [10.17075/lpct.2022.002](https://doi.org/10.17075/lpct.2022.002).

Álvarez de la Granja, María / Marta Negro Romero (eds.) (2022): *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4486>

Louredo Rodríguez, Eduardo (2022): “Léxico da vide en Galicia e norte de Portugal”, en María Álvarez de la Granja e Marta Negro Romero (eds.), *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 119-151. DOI: [10.17075/lpct.2022.002](https://doi.org/10.17075/lpct.2022.002).

Negro Romero, Marta / Valente Rodrigues, Sónia (2022): “Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional: unha proposta de traballo para as aulas”, en María Álvarez

de la Granja e Marta Negro Romero (eds.), *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 155-176. DOI: [10.17075/lpct.2022.002](https://doi.org/10.17075/lpct.2022.002).

### Participación en congresos e simposios

Álvarez de la Granja, María (2023): **participación por convite** na mesa redonda Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional, en *V Simpósio Profletras / II Seminário Internacional Profletras*. São Paulo: Universidade de São Paulo, 26-27 de outubro de 2023 (en remoto).

Negro Romero, Marta / Sónia Valente Rodrigues (2023): “Potencialidades pedagógico-didáticas do programa Língua, património e conhecimento tradicional”, **participación por convite** en *V Simpósio Profletras – USP e II Seminário Internacional Profletras – USP*. São Paulo: Universidade de São Paulo, 26-27 de outubro de 2023.

Sousa Fernández, Xulio (2023): “Patrimonio léxico da Gallaecia”, póster en *DARLAH-DAY: jornadas sobre humanidades digitais en CLARLAH-ES*. Madrid: Biblioteca Nacional de España, 7-8 de novembro de 2023.

## A1.5. Análise da competencia escrita en lingua galega do estudiantado de 2.º de Bacharelato

**Investigadora responsable:** María Álvarez de la Granja

**Membros do equipo:** Francisco Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane, M.ª Sol López Martínez, María López Sánchez, Vitor Míguez Rego, Reyes Rodríguez Rodríguez, Carme Silva-Domínguez, Xulio Sousa

**Informática:** Jose Antonio Cutrín Garabal

**Financiamento:** convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

**Páxina web:** <https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/lingua-da-xente-nova-competencia-cambio-linguistico-actitudes-e-muda-de-lingua>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

O equipo responsable deste proxecto durante 2023 levou a cabo as seguintes actividades:

1. Preparación dun volume sobre algunhas das características máis relevantes da produción escrita e do coñecemento léxico e gramatical do estudiantado de 2.º de bacharelato a partir da análise do corpus CORTEGAL. O volume, editado por María Álvarez de la Granja e Vitor Míguez Rego, respectivamente IP e membro do equipo do proxecto, foi publicado en decembro de 2023. Todos os capítulos, agás o de Xosé Antonio Fernández Salgado, son da responsabilidade de membros do equipo do proxecto.
2. Difusión do corpus CORTEGAL nos centros de ensino medio: María Álvarez de la Granja impartiu a charla *CORTEGAL. Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* en cinco centros de ensino medio dentro do marco do programa *A ponte entre o ensino medio e a USC*: IES O Milladoiro (O Milladoiro, 11 de xaneiro de 2023), IES O Catro (Vigo, 30 de xaneiro de 2023), IES A Guía (Vigo, 27 de febreiro de 2023), IES Santa Irene (Vigo, 10 de marzo de 2023) e IES 12 de outubro (Ourense, 28 de marzo de 2023).

## CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

### Publicacións

- Álvarez de la Granja, María (2023): “O léxico non estándar en CORTEGAL”, en María Álvarez de la Granja e Vítor Míguez (eds.), *Perspectivas sobre a escrita académica en galego: estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 115-202.
- Álvarez de la Granja, María (2023): “Os problemas léxicos e semánticos en CORTEGAL, *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico*”, en Sara María Torres-Outón / Ramón Méndez González (eds.), *Realidades y desafíos de la tecnología aplicada a la traducción e interpretación*. Berlín: Peter Lang, 169-185.
- Álvarez de la Granja, María / Míguez Rego, Vítor (eds.) (2023): *Perspectivas sobre a escrita académica en galego. Estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Anexo 84 da revista *Verba*.
- Álvarez de la Granja, María / Reyes Rodríguez Rodríguez (2023): “CORTEGAL, Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico. Deseño do corpus e caracterización dos textos”, en María Álvarez de la Granja e Vítor Míguez (eds.), *Perspectivas sobre a escrita académica en galego: estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 19-92.
- Cidrás Escáneo, Francisco (2023): “Sempre concordamos co que pensamos. Unha aproximación á análise da concordancia baseada en erros”, en María Álvarez de la Granja e Vítor Míguez (eds.), *Perspectivas sobre a escrita académica en galego: estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 253-286.
- López Sánchez, María / Lara Lorenzo Herrera (2023): “Análise da acentuación gráfica a través do corpus CORTEGAL”, en María Álvarez de la Granja e Vítor Míguez (eds.), *Perspectivas sobre a escrita académica en galego: estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 93-114.
- Míguez, Vítor (2023): “A expresión da incerteza nos textos de CORTEGAL: un achegamento paradigmático”, en María Álvarez de la Granja e Vítor Míguez (eds.), *Perspectivas sobre a escrita académica en galego: estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 323-350.
- Silva-Domínguez, Carme (2023): “Procedementos de xeneralización e marcado da implicación no corpus CORTEGAL: entre a linguaxe académica e o rexistro coloquial da lingua”, en María Álvarez de la Granja e Vítor Míguez (eds.), *Perspectivas sobre a escrita académica en galego: estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 287-322.

### Presentacións en congresos e simposios

- Álvarez de la Granja, María (2023): “CORTEGAL. Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico”, en *DARLAH-DAY: jornadas sobre humanidades digitais en CLARLAH.ES*, actividade dentro das xornadas *Bibliotecas, datos, intelixencia artificial: las nuevas rutas del conocimiento*. Madrid: Biblioteca Nacional de España, 7 e 8 de novembro de 2023. Póster dinámico, presentado o 7 de novembro de 2023.
- López Meirama, Belén / María Álvarez de la Granja (2023): “La incidencia de la variable social sexo en el léxico dispoñible de Galicia”, en *III Jornadas Científicas sobre la*

## A1.6. Dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega (I): preparación de recursos, deseño e test inicial

**Investigadores responsables:** Manuel González González / M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino

**Membros do equipo:** Fernando Brissos, Carlos Búa, Xosé Henrique Costas, Xosé María Gómez Clemente, Johannes Kabatek, Ramón Mariño, Miguel Solla, Xavier Varela

**Financiamento:** Proxectos de I+D+i do Ministerio de Ciencia e Innovación

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Realizouse a planta do dicionario, tanto a macroestrutura como a microestrutura.
2. Realizouse unha recompilación de recursos textuais e bibliográficos útiles para a realización do dicionario.
3. Construíuse un programa informático para a redacción do dicionario, de acordo coa estrutura de artigo lexicográfico deseñada na Planta do dicionario.
4. Realizouse dunha ferramenta informática que realice automaticamente consultas sobre os diversos corpus utilizados para a redacción do *DHELG*, e devolva os datos coas súas etiquetas correspondentes ordenados cronoloxicamente.
5. Elaborouse unha páxina web do *DHELG*, onde se ofrece toda a información sobre o dicionario.
6. Redactáronse algunhas voces de mostra.

## A1.7. A prosa notarial. Características da produción documental na Galicia medieval (terras do Carballiño, de Celanova, do Ribeiro e de Trives)

**Investigadores responsables:** Eduardo Moscoso Mato, Xavier Varela Barreiro

**Membros do equipo:** José António Souto Cabo, José Carracedo Fraga, Maka Pérez González, Mariña Bermúdez Veloso, Miguel García-Fernández, Ricardo Pichel Gotérrez, Ramón Lorenzo, Xosé Luís Couceiro

**Financiamento:** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Revisión e corrección de erros dos textos das coleccións documentais medievais das terras de Celanova e do Ribeiro (mosteiro de San Salvador de Celanova, mosteiro de San Pedro de Ramirás / mosteiro de San Clodio do Ribeiro).
2. Avance na finalización da codificación e etiquetaxe do material indicado no punto anterior para posteriormente seren inseridos no *Corpus Galego-Portugués Antigo* (CGPA).
3. Durante todo o ano houbo contacto e colaboración con outros proxectos de cörpora medievais galegos, especialmente co *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (Centro Ramón Piñeiro). Froito desa colaboración, traballouse na converxencia CGPA-CODOLGA, materializada na creación dun novo recurso dixital: o FONTEGAM (Fontes Textuais da Galicia Medieval). <https://corpus.cirp.gal/fontegam>
4. Activación e publicación dun conxunto de recursos dixitais, asociados ao EGPA

(Escritorio Galego-Portugués Antigo), relacionados co patrimonio documental galego: CORREGAM, CORESGAL, CORTESGAL, e-ASPAS.

## CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

### Publicacións

- Corral Díaz, Esther / Yara Frateschi Vieira (coords.); Mariña Bermúdez Beloso, Miguel García-Fernández, Isabel Morán Cabanas, María Ana Ramos, Michel Sleiman, José António Souto Cabo e Tania Vázquez García (auts.), con imaxes e comentarios de Javier Castiñeiras López e Victoriano Nodar Fernández (2023): *Mulleres medievais. Textos e imaxes na lírica galego-portuguesa. Con dous apéndices sobre antecedentes e supervivencias na lírica peninsular*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela - Xunta de Galicia.
- García-Fernández, Miguel (2023): “La documentación medieval de San Salvador de Sobrado de Trives: estado de la cuestión y propuestas de futuro”, en Rúben Filipe Teixeira da Conceição, Luis Manuel Ibáñez Beltrán, Manuel Negri e Amalia Pérez Valiño (eds.), *E fazian fundamentos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [El Camino del Medievalista. Nuevos Trabajos en Estudios Medievales], 29-54. <https://dx.doi.org/10.15304/me.2023.1610>
- García-Fernández, Miguel (2023): “O castelo de Castro Caldelas”. Fascículo n.º 5 do coleccionable *30 castelos e torres galegas para descubrir un reino*, coord. Heitor Picallo. Santiago de Compostela: Sermos Galiza S. A.
- García-Fernández, Miguel (2023): “O castelo de Ribadavia”. Fascículo n.º 22 do coleccionable *30 castelos e torres galegas para descubrir un reino*, coord. Heitor Picallo. Santiago de Compostela: Sermos Galiza S. A.
- García-Fernández, Miguel (2023): “Dona Berenguela Afonso e o mosteiro de Montederramo: conexións entre Galicia e a corte rexia aragonesa no séc. XIII”, O SIL. Edición especial Nadal 2022-2023.
- García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (eds.) (2023): *Desde San Paio de Antealtares. Historia, patrimonio e vida monástica. Estudos dedicados a sor Mercedes, arquiteira de San Paio, e á Comunidade de Antealtares*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Alvarellos Editora.
- García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (2023): “A documentación de San Salvador de Sobrado de Trives máis alá do ASPA: achega para unha nova edición da súa colección documental”, en *Desde San Paio de Antealtares. Historia, patrimonio e vida monástica. Estudos dedicados a sor Mercedes, arquiteira de San Paio, e á Comunidade de Antealtares*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Alvarellos Editora, 89-121.
- García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (2023): “Arredor dun pergamiño inédito do mosteiro bieito feminino de San Miguel de Bóveda do século XV. Estudo e contextualización para a historia das mulleres galegas”, *Murguía. Revista galega de historia* 47, 49-68.
- García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (2023): “O mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares. Un arquivo moderno de arquivos medievais”, *Murguía. Revista galega de historia* 47, 233-239.
- García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (2023): “Presenzas e actuacións femininas na documentación medieval do mosteiro de Santa María de Ribeira”, *Lethes. Cadernos culturais do Limia*, 16, 22-39.
- García-Fernández, Miguel (coord.) (2023): *As mulleres na Galiza medieval*. Monográfico de

- Murguía. Revista Galega de Historia*, 47, 275 pp.
- García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (eds.) (2023): *Fontes documentais e cultura escrita na Galiza medieval: estudos de caso e achegas multidisciplinares*, Sección monográfica en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 26 [s. p.].
- García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (2023): “O final do casal Limia-Seixas: a sentenza de anulación matrimonial de dona Xoana Vázquez das Seixas e Fernán Eanes de Limia (1398)”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 26, e94791, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.94791>.
- García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (2023): “Pergamiños medievais inéditos da colección documental do mosteiro de Montederramo”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 26 [en proceso de reasignación de DOI].
- García-Fernández, Miguel (coord.) (2023-): *CORESGAL: Corpus de espontáneas de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=CORESGAL>
- García-Fernández, Miguel (coord.) (2023-): *CORTESGAL: Corpus testamentario de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=CORTESGAL>
- García-Fernández, Miguel / Diana Pelaz Flores / Ricardo Pichel (coords.) (2023-): *CORREGAM: Corpus rexio e rexinal da Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=CORREGAM>
- Pichel, Ricardo / Miguel García-Fernández (dirs.) (2023-): *e-ASPAs. Edición dixital do patrimonio documental medieval de San Paio de Antealtares*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Mosteiro de San Paio de Antealtares. <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=e-ASPAs>
- Pichel, Ricardo / Miguel García-Fernández (2023): “O Escritorio Galego-Portugués Antigo (EGPA): unha nova ferramenta colaborativa de edición dixital en acceso aberto”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 26 [en proceso de reasignación de DOI].

## A1.8. Gramática da lingua galega (RAG)

**Investigadora responsable:** Rosario Álvarez

**Membros do equipo:** María Álvarez de la Granja, Francisco A. Cidrás Escáneo, Francisco X. Dubert García, Elisa Fernández Rei, Xosé Antonio Fernández Salgado, Xosé Luís Regueira Fernández, Xosé Xove Ferreiro

**Financiamento:** Convenio asinado entre a USC e a RAG (2011-2013), prorrogado anualmente sen custos

**Páxina web:** <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/gramatica-da-lingua-galega>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

Continúan os traballos do equipo encargado de redactar a gramática institucional da Real Academia Galega. Avanzan de xeito continuo aínda que con máis lentitude do que estaba previsto.

## A2. Discursos, identidades e ideoloxías

### A2.1. A lingua das familias: mantemento, transmisión e cambio de lingua ao longo de tres xeracións

**Investigador responsable:** Henrique Monteagudo

**Membros do equipo:** Anik Nandi, Reyes Rodríguez Rodríguez, Facundo Reyna-Muniain, Gabino Vázquez Grandío, Xaquín Loredo, Pedro Iglesias Buján

**Financiamento:** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

**Páxina web:** <https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/lingua-da-xente-nova-competencia-cambio-linguistico-actitudes-e-muda-de-lingua>

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

Análise da interacción entre as prácticas lingüísticas das familias e as dos centros educativos, tendo en conta a transmisión interxeracional e co foco posto nos procesos de mantemento / cambio de lingua.

### A2.2. Contacto lingüístico, cambio e identidade

**Investigador responsable:** Xosé Luís Regueira Fernández

**Membros do equipo:** Alba Aguete Cajiao, Noemi Basanta Llanes, Elisa Fernández Rei, Reyes Rodríguez Rodríguez

**Informática:** Jose Antonio Cutrín Garabal

**Financiamento:** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Recollida e incorporación de córpora das redes sociais (TikTok, Youtube). Transcrición e anotación dos vídeos e clasificación das interaccións.
2. Realización de estudos sobre os usos lingüísticos da xente nova nas mensaxes en galego que incorporan elementos do español e do inglés (*code switching*), de maneira particular nas interaccións de Twitter.
3. Realización de estudos sobre as ideoloxías lingüísticas en Galicia. Traballos sobre a ideoloxía da estandarización e da desestandarización nas redes sociais, a partir de interaccións en Twitter e en TikTok.

#### CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

##### Publicacións

Regueira Xosé Luís (2023): “Ideoloxías lingüísticas e redes sociais en galego: debates e usos lingüísticos nunha lingua minorizada no contexto da globalización”, en Lurdes de Castro Moutinho et al. (eds.), *Mundos en mudança / Changing worlds*. Aveiro: Centro de Línguas, Literatura e Culturas da Universidade de Aveiro, 33-54.

##### Participación en congresos e simposios

Basanta, Noemi / Xosé Luís Regueira (2023): “Galitwitter, Como dicimos Gymkhana? Ideoloxías lingüísticas e contacto de linguas nas redes sociais en galego”, en *XV Congreso Internacional de Lingüística General*. Madrid: Universidade Complutense de Madrid, 14-16 de xuño de 2023.

- Basanta, Noemi / Xosé Luís Regueira (2023): “Minha avoa dicía "engorde": Autenticidade e ideoloxías lingüísticas sobre a estandarización da lingua galega”, en *Simposio ILG 2023: Contacto de linguas: identidades e ideoloxías lingüísticas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 28-30 de novembro de 2023.
- Regueira, Xosé Luís / Elisa Fernández Rei (2023): “Contacto de linguas e ideoloxías lingüísticas en Galicia”, en *“Hispanic? Sociolinguistics at a Crossroads” X International Conference of Hispanic Linguistics and VIII Biennial Meeting of the International Association for the Study of Spanish in Society*. Liverpool: University of Liverpool, 8-9 de xuño de 2023.

#### Traballos académicos

- Pérez Lago, María (2023): *Ideoloxías lingüísticas na era dixital: comentarios sobre lingua galega en TikTok*. Traballo de Fin de Grao. Facultade de Filoloxía da USC.

### A2.3. Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística

**Investigadora responsable:** Elisa Fernández Rei

**Membros do equipo:** Xosé Luís Regueira Fernández, Alba Agnete Cajiao, Noemi Basanta Llanes, Miguel Guisantes Alonso, Ana Iglesias Álvarez, Gabriel Rei Doval, Carmen Muñiz Cachón, Claudia Elena Menéndez Fernández

**Informática:** Jose Antonio Cutrín Garabal

**Financiamento:** FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación / Proxecto PID2019-110352GB-I00

**Páxina web:** <https://ilg.usc.es/gl/proxectos/contacto-cambio-linguistico-e-ideoloxia-en-contextos-de-minorizacion-linguistica>

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Avances na transcripción do material lingüístico recollido (grupos de conversa, entrevistas e autogravacións).
2. Deseño e realización dun experimento perceptivo difundido a través das redes sociais no que participaron 151 persoas.

#### CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Colaboración na organización do *III Congreso Internacional em Variação Linguística nas Línguas Românicas*, que tivo lugar na Universidade de Aveiro do 28 ao 30 de xuño.
- Organización da *II Xornada sobre variación e cambio lingüístico*, en colaboración co Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro, que se celebrou na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o 9 de outubro.
- Organización do *Simposio ILG 2023*, dedicado ás identidades e as ideoloxías lingüísticas en situacións de contacto lingüístico e que tivo lugar entre o 28 e o 30 de novembro.

#### Publicacións

- Muñiz Cachón, Carmen (2023): “¿Son sordes dafechu les oclusives sordes intervocálicas n’asturianu?”. *Lletres asturianas: Boletín Oficial de l'Academia de l'Llingua Asturiana*, n.º 129, 41-54.



Regueira, Xosé Luís (2023): “El gallego: la ‘normalización’ de una lengua en la periferia europea”, en Marleen Haboud Bumachar / Laura Morghentaler García (eds.), *Voces indígenas amenazadas y el despertar de sus lenguas*. Cuenca, Ecuador / Quito / Bochum: Universidad Politécnica de Ecuador / Pontificia Universidad Católica de Ecuador / Ruhr Universität Bochum / Oralidad-Modernidad, 39-86.

### Participación en congresos e simposios

Basanta Llanes, Noemi / Xosé Luís Regueira (2023): “Galitwitter, Como dicimos Gymkhabana? Ideoloxías lingüísticas e contacto de linguas nas redes sociais en galego”, en *XV Congreso Internacional de Lingüística General*. Madrid, 14-16 de xuño de 2023.

Fernández Rei, Elisa / Agüete Cajiao, Alba (2023): “Análise perceptiva dos trazos indexadores da(s) identidade(s) lingüística(s) galega(s)”, en *XV Congreso Internacional de Lingüística General*, Universidad Complutense de Madrid, 14-16 de xuño de 2023.

Fernández Rei, Elisa / Alba Agüete Cajiao (2023): “A identidade “galegofalante tradicional”: o valor indexador das variables lingüísticas”, en Simposio ILG 2023. *Contacto de linguas: identidades e ideoloxías lingüísticas*. Universidade de Santiago de Compostela, 28-30 de novembro de 2023.

Fidalgo Garra, Estela / Miguel Guisantes Alonso (2023): “Parece que se non sabes inglés non vas a ningún lao: ideoloxías lingüísticas na mocidade galega”, en Simposio ILG 2023. *Contacto de linguas: identidades e ideoloxías lingüísticas*. Universidade de Santiago de Compostela, 28-30 de novembro de 2023.

Guisantes Alonso, Miguel (2023): “As autogravacións: unha metodoloxía para a captación de datos lingüísticos”, en *X Encontro da Mocidade Investigadora*. Universidade de Santiago de Compostela, 12-13 de xuño de 2023.

Guisantes Alonso, Miguel (2023): “Lingua, ideoloxías e renovación na cultura tradicional: unha primeira aproximación”, en *XV Congreso Internacional de Lingüística General*. Universidad Complutense de Madrid, 14-16 de xuño de 2023.

Guisantes Alonso, Miguel (2023): “Identidade e cambio lingüístico na mocidade. Avances e retos”, en *I Xornada de novas investigacións en lingua galega*. Centro de Estudos Galegos da Universidade de Heidelberg, 26 de xullo de 2023. [En remoto]

Guisantes Alonso, Miguel (2023): “Ideoloxías lingüísticas y cultura tradicional en la juventud”, en *XXXVII Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas*. Universidad Complutense de Madrid, 6-8 de novembro de 2023.

Guisantes Alonso, Miguel (2023): “Identidades lingüísticas en la juventud”, en *ALLEN CAM Talks 2023-2024*. Universitat Pompeu Fabra de Barcelona, 13 de decembro de 2023.

Iglesias Álvarez, Ana (2023): “A conciencia dos falantes sobre o cambio lingüístico: unha primeira aproximación”, en *II Xornada sobre Variación de Cambio Lingüístico*. Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023.

Iglesias Álvarez, Ana (2023): “As motivacións das escollas lingüísticas dos falantes: distintos niveis de consciencia”, en Simposio ILG 2023. *Contacto de linguas: identidades e ideoloxías lingüísticas*. Universidade de Santiago de Compostela, 28-30 de novembro de 2023.

Menéndez Fernández, Claudia Elena (2023): “Ideología y actitud en situaciones de minorización lingüística: un exemplo asturiano”, en *XV Congreso Internacional de Lingüística General*. Universidad Complutense de Madrid, 14-16 de xuño de 2023.

Muñiz Cachón, Carmen (2023) “Lenition of unvoiced obstruents in spontaneous speech in Asturian”, en *X Congreso Internacional de Fonética Experimental*. Vigo, xuño de 2023.

Rei-Doval, Gabriel (2023): “Os lingüistas como falantes: as ideoloxías sobre o contacto galego-castelán na normativa oficial e o reintegracionismo”, en *XV Congreso Internacional de Lingüística General*. Universidad Complutense de Madrid, 14-16 de xuño de 2023.

Rei-Doval, Gabriel (2023): “A avaliación do contacto lingüístico galego-castelán de arriba-abaxo e de abaixo-arriba: un contraste necesario”, en Simposio ILG 2023. *Contacto de linguas: identidades e ideoloxías lingüísticas*. Universidade de Santiago de Compostela, 28-30 de novembro de 2023.

#### A2.4. Textos literarios e censura

**Investigador responsable:** Alexandre Alonso Nogueira

**Membros do equipo:** Pablo García Martínez, Dolores Vilavedra

##### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

Non hai avances, xa que o IP responsable do proxecto se desvinculou do ILG en febreiro de 2024 ao renunciar ao seu contrato María Zambrano.

#### A2.5. Sobre edición de textos

**Investigador responsable:** Alexandre Alonso Nogueira

**Membros do equipo:** Pablo García Martínez, Dolores Vilavedra

##### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

Non hai avances, xa que o IP responsable do proxecto se desvinculou do ILG en febreiro de 2024 ao renunciar ao seu contrato María Zambrano.

## B. HUMANIDADES DIXITAIS

### B1. Tecnoloxías lingüísticas

#### B1.1. Proxecto Nós: O galego na sociedade e economía da intelixencia artificial

**Investigadores responsables:** Francisco Dubert García, Elisa Fernández Rei

**Membros do equipo:** María José Domínguez Vázquez, Noelia García Díaz, María Sol López Martínez, Carmen Magariños Iglesias, Manuel González González, Xosé Luís Regueira Fernández, Marta Vázquez Abuín, Adrián Vidal Miguéns, Adina Ioana Vladu

**Financiamento:** Este proxecto con referencia 2022/TL22/00215336, está financiado polo Ministerio de Transformación Dixital e polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU

**Páxina web:** <https://nos.gal/>

**Repositorios:** [Github](#), [Zenodo](#) e [HuggingFace](#)

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Avances na creación dun corpus de fala dos medios de comunicación. En 2023 procesáronse os datos brutos do Telexornal Mediodía da TVG (anos 2019-2022) xa recompilados e que suman ao redor de 1.200 horas de audio, acompañadas dos seus guións correspondentes. Aplicouse unha conversión de formato aos datos de audio para adaptalos ás características esixidas polos sistemas de aliñamento forzado e realizouse un procesamento dos guións dirixido a obter unha nova versión do texto o máis fiel posible ao audio (filtrado do texto non pronunciado, normalización, identificación e etiquetaxe dos locutores). Ao mesmo tempo, empezouse a traballar no desenvolvemento dun sistema de aliñamento forzado para o galego. Polo momento, explorouse a ferramenta NVIDIA Nemo Forced Aligner: avaliación de sistemas dispoñibles para outros idiomas e identificación dos datos necesarios para adaptar estes sistemas ao idioma galego.
2. Creación dun corpus de frases para a súa incorporación ao proxecto Common Voice. Tráballouse na obtención dun [corpus textual](#) que sirva como base para a construción dun banco de voces que reflecta as variedades do galego. A partir de recursos públicos ou cedidos ao Proxecto Nós, obtivéronse 562.972 frases que se incorporaron á plataforma Common Voice. Para as tarefas de obtención do corpus textual (procesamento, corrección semiautomática e avaliación manual dunha mostra) desenvolvéronse scripts específicos e guías de corrección e avaliación lingüística. Ademais, levouse a cabo unha avaliación das ferramentas dispoñibles en galego para a corrección masiva de textos.
3. Posta en marcha dunha campaña de difusión nos medios de comunicación para promover a participación cidadá nunha plataforma de doazón de voces en lingua galega. Leváronse a cabo actividades de difusión e recollida de voces, tanto nos medios de comunicación e nas redes sociais, como de forma presencial en diferentes puntos da xeografía galega, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Creouse, ademais, unha páxina web de difusión (<https://doagalego.nos.gal/>). Como resultado, ao longo de 2023 triplicouse o número de horas gravadas en Common Voice (30 > 90) e o número de falantes rexistrados na plataforma superou os 2.000.

4. Corpus de voz masculina. Estívoise traballando na construción dun corpus de voz masculina de 15.000 frases, a partir da adaptación e mellora do corpus preparado previamente para a gravación da voz feminina, conformado por 20.000 frases de dominio variado (medios de comunicación, discurso político, entrevistas lingüístico-etnográficas etc.). As tarefas de adaptación e mellora incluíron a redución porcentual do número de frases, atendendo á diversidade de fontes e ao seu tamaño; o aumento de determinados tipos de oracións e contextos fonéticos infrarrepresentados no corpus inicial; e a revisión manual e a corrección de frases agramaticais e/o pouco naturais. Tamén se deron os primeiros pasos para a selección da voz que gravará o corpus, contando cunha preselección de tres voces profesionais dispostas a realizar a proba de selección.
5. Desenvolvéronse dous demostradores, un sistema TTS e un sistema ASR, libremente accesibles ao público en <https://tts.nos.gal/> e <https://asr.nos.gal/>.
6. Realizáronse entrevistas cun total de 7 empresas do ámbito tecnolóxico e interesadas ou implicadas no desenvolvemento de tecnoloxías lingüísticas. O obxectivo destas reunións era coñecer o traballo que desenvolvían estas empresas, cales eran as súas necesidades e que interese podían ter polos desenvolvementos realizados no proxecto.

#### CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Magariños, Carmen. 2023. Nos\_TTS-celtia-vits-graphemes. Dispoñible en HuggingFace: [https://huggingface.co/proxectonos/Nos\\_TTS-celtia-vits-graphemes](https://huggingface.co/proxectonos/Nos_TTS-celtia-vits-graphemes)
- Magariños, Carmen; Gamallo, Pablo. 2023. Nos\_ASR-wav2vec2-large-xlsr-53-gl-with-lm. Dispoñible en HuggingFace: [https://huggingface.co/proxectonos/Nos\\_ASR-wav2vec2-large-xlsr-53-gl-with-lm](https://huggingface.co/proxectonos/Nos_ASR-wav2vec2-large-xlsr-53-gl-with-lm)
- Magariños, Carmen / Adrián Vidal Miguéns / Adina Ioana Vladu / Noelia García Díaz / Marta Vázquez Abuín / Ainhoa Vivel Couso / Daniel Bardanca / Elisa Fernández Rei (2023): *Nos ParlaSpeech-GL: Corpus de voz para ASR* (texto e voz aliñados), con aliñamento automático, cun total de máis de 1600 horas, creado a partir das sesións plenarias celebradas no Parlamento de Galicia entre os anos 2015 e 2022. Dispoñible en Zenodo: <https://zenodo.org/records/7913218>.
- Vázquez Abuín, Marta / Noelia García Díaz / Adina Ioana Vladu / Carmen Magariños / Adrián Vidal Miguéns / Elisa Fernández Rei (2023): *Nos Celtia-GL: Corpus de voz monolingüe monolocator para TTS* cun total de 25 horas. Dispoñible en Zenodo: <https://zenodo.org/records/7716958>.
- Vladu, Adina Ioana / Marta Vázquez Abuín / Elisa Fernández Rei / Noelia García Díaz / Adrián Vidal Miguéns / Carmen Magariños (2023): *Nos TranscriSpeech-GL: Corpus de voz para ASR* (texto e voz aliñados) de dominio variado, con transcripción e aliñamento manuais e cun total de 53 horas. Dispoñible en Zenodo: <https://zenodo.org/records/7717140>.

#### Participación en congresos e simposios

Regueira, Xosé Luís (2023): “As linguas minorizadas diante do desafío das tecnoloxías lingüísticas: o caso do galego”, conferencia invitada en *III Jornada em Línguas Minoritárias*. Universidade de Aveiro, 17 de novembro.

## B1.2. Interoperabilidade de recursos. Análise e produción automática de linguaxe natural

**Investigadora responsable:** María José Domínguez Vázquez

**Membros do equipo:** Iván Arias Arias, María Helena López Santiago, Carlos Valcárcel Riveiro

**Informática:** Daniel Bardanca Outeiriño

**Financiamento:** sen financiamento específico

**Páxina web:** <https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/interoperabilidade-de-recursos-e-produccion-automatizada-de-linguaxe-natural>

**Recursos dixitais:** <http://ilg.usc.gal/flexionador/>, <http://ilg.usc.gal/xeraword/>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Estudo da análise de interoperabilidade entre recursos. Un dos principais estudos realizados no ano 2023 ten que ver coa calidade das traducións automáticas da ferramenta *TraduWord* e a aplicación dos seus resultados para o desenvolvemento de recursos lexicográficos. Conecta, a súa vez, con principios de interoperabilidade e sostibilidade.
2. Optimización e mantemento da base de datos e das ferramentas.
3. Desenvolvemento de probas piloto sobre o impacto da Intelixencia Artificial na análise e produción automática da lingua e na aplicabilidade dos datos para os estudos de anotación automática.
4. Realización de diferentes experimentos para o desenvolvemento de plataformas de lexicografía colaborativa.

### CONTRIBUCIÓNES DERIVADAS

#### Publicacións

##### Libros e números monográficos de revistas

Calañas Contente, José Antonio / María José Domínguez Vázquez (2023) (ed.): *Hacia una Lexicografía sostenible y socialmente responsable. Quaderns – Estudis lingüístics* 28. Universitat de València: Servici de Publicacions.

Domínguez Vázquez, María José / Carlos Valcárcel Riveiro (2023) (coord.): *Desarrollo de aplicaciones para la generación automática del lenguaje: los recursos del portal lexicográfico PORTLEX. RILEX. Revista sobre investigaciones léxicas*. Universidade de Jaén: Servici de Publicacions.

##### Artigos

Arias Arias, Iván / Pau Bertomeu Pi (2023): “Integrating Wiktionary in the Linguistics Curriculum of the B. A. in German Philology”, *Quaderns de Filologia: Estudis Lingüístics* XXVIII, 111-124.

Bardanca Outeiriño, Daniel / María José Domínguez Vázquez (2023): “Guía de técnicas, estrategias y herramientas en el diseño y desarrollo de generadores automáticos de la lengua”, en María José Domínguez Vázquez, / Carlos Valcárcel Riveiro (coord.), *Desarrollo de aplicaciones para la generación automática del lenguaje: los recursos del portal lexicográfico PORTLEX. RILEX. Revista sobre investigaciones léxicas*. Universidade de Jaén: Servici de Publicacions, 49-76.

- Calañas Continente, José Antonio / María José Domínguez Vázquez (2023): “About Sustainable and Socially Responsible Lexicography: State of the Art”, *Quaderns de Filologia: Estudis Lingüístics XXVIII*, 9-19.
- Domínguez Vázquez, María José (2023): “Sistemas de información digitales dinámicos e individualizados”, en Alejandro Fajardo / Dolores Torres Medina/ Cristian Díaz Rodríguez (eds.), *Lexicografía del español: intercomunicación y diálogos*. Berlín: Peter Lang, 165-183.
- Domínguez Vázquez, María José / Rufus H. Gouws (2023): “The Definition, Presentation and Automatic Generation of Contextual Data in Lexicography”, *International Journal of Lexicography*, vol. 36, Issue 3, 233-259.
- Domínguez Vázquez, María José / Carlos Valcárcel Riveiro (2023): “Sobre los recursos del portal lexicográfico Portlex”, en María José Domínguez Vázquez / Carlos Valcárcel Riveiro (coord.), *Desarrollo de aplicaciones para la generación automática del lenguaje: los recursos del portal lexicográfico PORTLEX. RILEX. Revista sobre investigaciones léxicas*: Universidade de Jaén: Servicio de Publicaciones, 7-12.
- Pino Serrano, Laura & Valcárcel Riveiro, Carlos (2023): “Dificultades en el análisis de la frase nominal en francés para desarrollar herramientas de procesamiento del lenguaje natural”, en María José Domínguez Vázquez / Carlos Valcárcel Riveiro (coord.), *Desarrollo de aplicaciones para la generación automática del lenguaje: los recursos del portal lexicográfico PORTLEX. RILEX. Revista sobre investigaciones léxicas*: Universidade de Jaén: Servicio de Publicaciones, 107-138.
- Valcárcel Riveiro, Carlos (2023): “Reusing the structure of the PORTLEX dictionary to create a contrastive dictionary of Romance languages: a proposal”, en Calañas Continente, José Antonio / María José Domínguez Vázquez (eds.): *Sustainable and Socially Responsible Lexicography*. Quaderns – Estudis lingüístics 28, 125-139.

### Participación en congresos e simposios

- Arias Arias, Iván (2023): “Hacia un etiquetado semántico-ontológico de corpus del español: el papel de la traducción automática”, en *XXXVII Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas*. Madrid, 7 de noviembre de 2023.
- Arias Arias, Iván (2023): “Entwurf und Entwicklung eines (semi)automatischen semantischen Annotationssystems für deutschsprachige Korpora” (póster), en *Orthographie in Wissenschaft und Gesellschaft. 59. Jahrestagung des Leibniz-Instituts für Deutsche Sprache*. Mannheim: Institut für Deutsche Sprache, 14-16 de marzo de 2023.
- Arias Arias, Iván / María José Domínguez Vázquez (2023): “Sostibilidade na ciencia: datos lingüísticos para o desenvolvemento de recursos dixitais multilingües”, en *Dixitalidade(s) e a(s) tecnoloxía(s) nos ámbitos lingüísticos, literarios e culturais*. Santiago de Compostela 20 e 22 de novembro de 2023.
- Arias Arias, Iván / María José Domínguez Vázquez / Carlos Valcárcel Riveiro (2023): “Überlegungen zu den Aufgaben der Lexikographie in der Ära der Künstlichen Intelligenz”, en *15 reasons why lexicography is important/15 Gründe warum Lexikographie wichtig ist*. Braga: 23 e 24 de outubro de 2023.
- Domínguez Vázquez, María José (2023): “Paradojas en lexicografía bilingüe y multilingüe: Aproximación multidisciplinar al estudio del léxico”, en *IX Congreso Internacional de Lingüística Hispánica*. Leipzig, 27 de setembro e 1 de outubro de 2023.
- Domínguez Vázquez, María José (2023): “Wie kann man kulturell geprägte Wörter für ein Kulturwörterbuch auswählen und anordnen? Überlegungen zu Kriterien und

Quellen”, en *Lexikographie und Kultur*. Collevocchio/Rom, 20 e 28 de maio de 2023.

### Organización de actividades de difusión e formación

- Arias Arias, Iván / Jorge Fernández Avilés (2023): “Uf, canto texto! Aproximación á análise de datos lingüísticos con Sketch Engine”, obradoiro dentro do programa Obradoiros do TFG/TFM 2023 da Facultade de Filoloxía. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2023.
- Domínguez Vázquez, María José / Martina Nied Curcio (2023): obradoiro por convite “Online-Ressourcen: einsprachig, zweisprachig und mehrsprachig”. Rabat, 8 de maio de 2023.
- Domínguez Vázquez, María José / Martina Nied Curcio (2023): obradoiro por convite “Online-Ressourcen und digitale Wörterbücher”. Meknes, 11 de maio de 2023.
- Domínguez Vázquez, María José / Isaac González / Carlos Valcárcel Riveiro (2023): “Tell us! Which resource doesn’t exist yet?”. Santiago de Compostela, 26 e 27 de outubro de 2023.
- *Internationales Kolloquium: 15 Reasons why lexicography is important / 15 Gründe, warum lexicographie wichtig ist*. Universidade do Minho – Universidade de Santiago de Compostela, 23-27 de outubro de 2023.
- *EMLex Wiktionary Hackfest ’23*. Universidade de Vigo - Universidade do Minho – Universidade de Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2023.
- Organización da 3.<sup>a</sup> edición de *Lexicography on the Road*, que tivo lugar entre setembro e decembro de 2023.

### Dirección de traballos académicos

- Akinremi, Luke (2023): “A critical review of a 21st-century Yoruba-English dictionary”. Universidade de Santiago de Compostela. Traballo de fin de mestrado. <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/31294>
- L. S., M. H. (2023): “Vorschlag für eine onomasiologische Ressource auf der Grundlage von maschinellen Übersetzungen aus TraduWord”. Erlangen (Besim Kabashi) e Santiago de Compostela (María José Domínguez). Traballo de fin de mestrado.
- S. A., M. C. (2023): “Análise de lagoas léxicas en alemán”. Universidade de Santiago de Compostela. Traballo fin de grao.

Ademais dos compromisos adquiridos, os membros do equipo conseguiron financiamento externo por dúas vías:

- Concesión da acreditación do *Máster Universitario Erasmus Mundus en Lexicografía* (Consortio EMJM-EMLex) pola Education, Audiovisual and Culture Executive Agency. Convocatoria ERASMUS-EDU-2023-PEX-EMJM-MOB.  
Membros do equipo: Iván Arias Arias, María José Domínguez Vázquez, Carlos Valcárcel Riveiro  
Período: 2024-2030 Orzamento: 4 708 800.00 €
- Concesión do proxecto *Etiquetador semántico multilingüe automático y sostenible (ESMAS-ES+)*. ESMAS-ES+ (PID2022-137170OB-I00) financiado polo MCIN/AEI/FEDER “Una manera de hacer Europa”. Convocatoria: Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, do

Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023.  
Proxectos de xeración do coñecemento.

Membros do equipo: Iván Arias Arias, María José Domínguez Vázquez, Carlos Valcárcel Riveiro

Período: 2023-2027 Orzamento: 68.750,00 €

## B2. Ferramentas e recursos para a preservación e difusión do patrimonio lingüístico-cultural

### B2.1. Toponomasticon Hispaniae. S1: Toponimia de Galicia e Portugal

**Investigadora responsable:** Ana Boullón Agrelo

**Membros do equipo:** Gonzalo Navaza Blanco, Antón Palacio Sánchez, Eduardo Louredo Rodríguez, Carlos Búa, Luz Méndez Fernández, Paula Bouzas, Andrea Santiso Arias, Esperança Cardeira, Maria Alice Fernandes, Carlos Rocha

**Financiamento:** Proxectos de I+D+i 2020 Retos Investigación (Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades). PID2020-114216RB-C61

**Páxina web:** <https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/toponomasticon-hispaniae>

**Recurso dixital:** <https://toponhisp.org/gl>

O *Toponomasticon Hispaniae* ten como obxectivo o estudo e divulgación dun corpus seleccionado de nomes de lugar de todo o territorio español e portugués e, asemade, o establecemento de bases metodolóxicas firmes para o estudo da toponimia. Está composto por seis subproxectos coordinados, radicados en diferentes universidades españolas, que reúnen máis de 60 integrantes.

De cada un dos nomes de lugar realizarase unha ficha toponímica, con información xeográfica, etnográfica, histórica, cartográfica e lingüística; esta última incluírá a etimoloxía, forma fónica, motivación, clasificación semántica, cognados, xentilicios e pseudoxentilicios. A partir das fichas de cada topónimo deseñárase unha ficha panhispánica na que se condensará a evolución de cada étimo cos resultados nos diversos territorios. En ambas as fichas disporanse ligazóns hipertextuais que posibilitarán procuras en múltiples direccións. Finalmente situaranse nunha páxina web que se porá a disposición do público en internet.

O subproxecto galego reúne investigadores de Galicia e Portugal e ten previsto o estudo de 440 topónimos galegos e 100 portugueses.

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Realización de artigos de topónimos e étimos e posta en liña, despois do proceso de revisión conxunta. Dos étimos, publicáronse os seguintes: ANTA, ALVIA, AQUA, ARUNCA, AVE, LATA, AVANIA, BRAULIONE, BŪRIO, CAMĀRA, \*CAMĪNA, CARĀMA, CARNOTA, DUBRA, \*ECCLESIA, EUBE, GĚNĚSIUS, LARIA, LAURENTIUS, MELLONIUS, MODESTUS, ORDĪNES, PALEARE, RECESINDUS, ROSU, RŪBEA/RŪBEU SĚRRA, TABULATA, TIBŪROS, TRES, TŪRDOIA, ULIA; e mais os topónimos galegos *Agolada, A Aldea Vella, Antas de Ulla, Arunca, A Baña, Boedo, Boiro, Caima, Caldas de Reis, Camariñas, Carnota, Castelo de Pallares, Cedeira, Enciñeira, Esteve, Guntín, Leiro, Lourente, Lourenzá, A Mámoa, Melón, Monterroso, Moeche, Muxía, Ordes, Parderrubias, Pedrafita do*



*Cebreiro, A Pobra do Caramiñal, A Pobra de Trives, A Pobra do Brollón, Pradairo, Pradedá, Rececende, Rebordelso, Ribadeo, Rodeiro, Sanxenxo, Satrexcas, Serra do Faro, Taboada, Tordoia, Trabada, Trazo, Triacastela, Val do Dubra, Vilafiz, Vilariño de Conso, Vilarmaior, e os portugueses Alva, Ave, Barreiro, Beja, Braga, Cávado, Chaves, Caima, Coimbra, Guimarães, Lisboa, Mirandela, Monchique, Portimão, Porto, Póvoa de Varzim, Santarém, Sintra, Tavira, Vila Real, Viseu.*

2. 2.º congreso do Toponomasticon Hispanicum: *Claves en la investigación toponímica*. (Universidad Autónoma de Madrid e Universidad de Alcalá de Henares), celebrado os días 2, 3 e 4 de outubro de 2023. Comunicacions presentadas por membros do proxecto TopGalPor:
  - a. Boullón Agrelo, Ana Isabel: *Problemas y propuestas para el establecimiento del lema del étimo en el Toponomasticon Hispaniae*.
  - b. Méndez, Luz /Navaza, Gonzalo: “Resultados hispánicos e romances do latín AQUA LATA”.
3. Introducción de referencias bibliográficas e de fontes no proxecto ToponHisp: véxase ([Bibliografía | Toponomasticon Hispaniae \(toponhisp.org\)](#)), e mais [Fuentes | Toponomasticon Hispaniae \(toponhisp.org\)](#)
4. Publicación de fichas de étimos e de topónimos na web do proxecto: véxase [Toponimia de Galicia e Portugal | Toponomasticon Hispaniae \(toponhisp.org\)](#).

## CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

### Publicacións

- Javier Terrado Pablo / Javier Giralt Latorre (eds.) (2023): *Nuevos senderos en la toponimia hispánica*. Lleida: Pagès Editors. Publicación do primeiro Congreso do ToponHisp. [Publicación resultante do primeiro congreso do proxecto]
- Boullón, Ana (2023): “Toponomasticon Hispaniae: presentación del proyecto”, en Corbella, Dolores / Dorta, Josefa / Padrón, Rafael (eds.), *Perspectives de recherche en linguistique et philologie romanes*. Société de Linguistique Romane. Strasbourg: Editions de Linguistique et de Philologie, 417-430.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2023): “Toponomasticon Hispaniae: planteamiento, objetivos y recursos bibliográficos (con especial atención a Galicia y Portugal)”, en Javier Terrado Pablo / Javier Giralt Latorre (eds.), *Nuevos senderos en la toponimia hispánica*. Lleida: Pagès Editors, 15-40. ISBN: 978-84-1303-494-2.
- Méndez, Luz (2023): “Aproximación a los topónimos *unicum* en Galicia formadores de apellido”, en Javier Terrado Pablo / Javier Giralt Latorre (eds.), *Nuevos senderos en la toponimia hispánica*. Lleida: Pagès Editors, 41-52.

## B2.2. A prosa literaria: textos historiográficos, romanescos e xurídicos

**Investigadores responsables:** Ramón Mariño Paz, Ricardo Pichel Gotérrez

**Membros do equipo:** Miguel García-Fernández, Harvey L. Sharrer, Gerardo Pérez Barcala, Xavier Varela Barreiro, Ramón Lorenzo

**Financiamento:** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Finalización da transcripción do manuscrito Vindel (Hispanic Society of America) da *Crónica de 1404*. Transcripción paleográfica e codificación da segunda metade do códice (fols. 171-363). Transcripción do manuscrito S (Biblioteca Menéndez de Pelayo) da *Crónica de 1404*. Transcripción paleográfica e codificación de todo o códice con vistas

- á súa publicación dixital no EGPA-lit.
2. Colaboración co proxecto PaLMeGaP ‘Patrimonio literario medieval de Galiza e Portugal’, que forma parte do macroproxecto HERES da Universidade de Alcalá, en particular, no que respecta á recepción da produción xurídica e historiográfica de Afonso X na Galiza medieval.
  3. Realización dun estudo das circunstancias que levaron Gregorio Lobarriñas Feijó a realizar unha copia manipulada da *Crónica de Iria* de 1468.
  4. Activación e publicación dun conxunto de recursos dixitais, asociados ao EGPA (Escritorio Galego-Portugués Antigo), relacionados co patrimonio literario galego e portugués: ARANHIS, 7PDgal.

## CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

### Publicacións

- Pichel, Ricardo (2023): “«E segundo he scripto na Briuia...». La recepción de la materia bíblica alfonsí en la Galicia bajomedieval”, *Anuario de Estudios Medievales* 53/1 (enero-junio), 67-87. <https://doi.org/10.3989/aem.2023.53.1.04>
- Pichel, Ricardo (2023): “«Como ante los cavalleros deven ler las istorias de los grandes fechos d’armas...» Un nuevo fragmento castellano de la Segunda Partida de Alfonso X (TN2)”, en P. Giménez-Eguíbar *et al.* (eds.), *Despertar palabras, renacer historias. Estudios lingüísticos en homenaje a M.ª Nieves Sánchez González de Herrero*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 203-215.
- Pichel, Ricardo (coord.) (2023-): *ARANHIS: Archivum Annalisticum Hispanum*. Lisboa / Alcalá de Henares / Santiago de Compostela: Universidade do Lisboa, Centro de História da Faculdade de Letras / Universidad de Alcalá / Universidade de Santiago de Compostela.
- Pichel, Ricardo e Harvey L. Sharrer (dirs. e coords.); José Domingues, Miguel García-Fernández e Pedro Pinto (coords.) (2023-): *7PDgp. Edição digital das Sete Partidas na Galiza e Portugal / Edición dixital das Sete Partidas na Galiza e Portugal*. Alcalá de Henares / Santiago de Compostela: Universidad de Alcalá / Universidade de Santiago de Compostela.

## B2.3. Lingua viva

**Investigadora responsable:** Elisa Fernández Rei

**Membros do equipo:** María Álvarez de la Granja, María José Domínguez Vázquez, Isabel Fraga Carou, María Teresa Sanmarco Bande, Iván Arias Arias, Lola Mosquera Sánchez, Deborah Nebechukwu, U-Tong Sih

**Informática:** José Cutrín Garabal

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Avances na mellora da aplicación de creación de dicionarios.
2. Publicación na plataforma do dicionario *Mulleres na lexicografía / Woman in Lexicography*, dirixido pola investigadora do ILG M.ª José Domínguez Vázquez. Este proxecto acadou o 1.º Premio á introdución da perspectiva de xénero na docencia nos XIV Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación, concedidos pola Universidade de Santiago de Compostela.

## CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

### Publicacións

- Álvarez de la Granja / Elisa Fernández Rei (2023): “Tes a palabra!: lexicografía cidadana”, *Quaderns de Filologia: Estudis Lingüísticos XXVIII*, 95-109.
- Domínguez Vázquez, María José (2023): “¿Cómo ser lexicógrafa y no morir en el intento?”, en Cecilio Garriga Escribano / Sandra Iglesia Martín / José Antonio Moreno Villanueva / Antoni Nomdedeu Rull (eds.), *Lligams: Textos dedicats a Maria Bargalló Escrivà*. Tarragona: Publicacions de la Universitat Rovira i Virgili, 65-79.
- Domínguez Vázquez, María José / Lola Mosquera Sánchez / Deborah Nebechukwu / U-Tong Sih (2023): “Women in Lexicography: a collaborative citizens project”, *Lexicographica*, vol. 39, n.º 1, 2023, 121-140. <https://doi.org/10.1515/lex-2023-0007>

### Presentacións en congresos e simposios

- Domínguez Vázquez, María José / Lola Mosquera Sánchez (2023): “De saltar a la comba a saltar fronteiras: mujeres en la lexicografía”, en *XVI Simposio Internacional Hispano-Austriaco*. Salamanca, 17-19 de maio de 2023.
- Domínguez Vázquez, María José / Lola Mosquera Sánchez / Deborah Nebechukwu / U-Tong Sih: “Women in Lexicography: a collaborative citizens project”, en *EMLex International Lexicography Colloquium Culture in Dictionaries*. Stellenbosch, 27/02/2023.

## B2.4. DOA. Dialectoloxía cidadá

**Investigador responsable:** Xulio Sousa

**Membros do equipo:** Rosario Álvarez, María Álvarez de la Granja, Marta Negro Romero, David Rodríguez Lorenzo

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Elaboración dos primeiros comentarios a partir dos materiais recadados.
2. Elaboración de novas enquisas para a súa difusión.

## B2.5. Dicionario cultural do galego

**Investigadores responsables:** María Teresa Sanmarco Bande

**Membros do equipo:** María Álvarez de la Granja, Marilena Ceccarelli

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

En 2023 trazamos a planta do *Dicionario cultural do galego* e establecemos a estrutura dos campos semánticos que abrangue este dicionario. Deseñamos a microestrutura, que consta de lema, categoría gramatical, definición en italiano, observacións e informacións audiovisuais complementarias, remitindo a outros recursos.

## CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

### Participación en congresos e simposios

- Sanmarco Bande, María Teresa (2023): “Ideoloxía, muller e dicionario. Algúns proxectos galegos recentes”, en *VIII Xornada Universitaria Galega en Xénero. Epistemoloxías feministas en acción*. Vigo: Universidade de Vigo, 9 de xuño de 2023.

Sanmarco Bande, María Teresa (2023): “Lessicografia dei linguaggi settoriali: il Dizionario culturale del galego per italofoñi e le sue applicazioni didattiche”, en *XIX Congreso Internacional de la Sociedad Española de Italianistas: Interculturalidad, Intertextualidad e Interlingüística*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid (UCM) e Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED), 14-16 de novembro de 2023.

## B2.6. Portal da Cultura Impresa en Lingua Galega nos séculos XX e XXI (CILG20-21)

**Investigador responsable:** Pablo García Martínez

**Membros do equipo:** Dolores Vilavedra, Rocío Hernández Arias, Xaquín Núñez Sabarís

**Informática:** Vaca Morta

**Páxina web:** <https://ilg.usc.gal/cultura-impresa/>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Posta a disposición do público do Portal de Cultura Impresa en Lingua Galega.
2. Gravación e edición das primeiras dúas entrevistas que se incorporaron á sección de vídeos.
3. Elaboración do primeiro dos mapas dixitais que se incluíu na web.
4. Realización, aproveitando a presentación da web, da xornada *Ciencia aberta e Humanidades Dixitais* sobre acceso libre, creación de repositorios en rede e os desafíos das humanidades na era dixital. A xornada ofreceuse como actividade formativa da escola de doutoramento da USC.

## B2.7. EDI-red

**Investigadora responsable:** Dolores Vilavedra

**Membros do equipo:** Alexandre Alonso Nogueira, Pablo García Martínez, Rocío Hernández Arias

A investigadora responsable coordina dende hai algúns anos a sección galega deste macro-portal dedicado a editores e editoriais iberoamericanos dos séculos XIX e XX promovido polo CSIC, co soporte técnico da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. Preténdese afondar na visibilización da historia editorial galega por medio da elaboración de diferentes entradas elaboradas por especialistas, entre os que figuran os membros do equipo.

O diálogo con este proxecto, de longa e sólida traxectoria, permitirá avanzar na liña de traballo explicada en B2.5, pois no Portal da Cultura Impresa en Lingua Galega (PCILG) poderanse adoptar solucións técnicas xa experimentadas ou evitar problemas que no seu día tivo que enfrontar EDI-red.

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Ampliación da rede de colaboradoras.
2. Achega de novas entradas no catálogo.

## CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

### Participación en congresos e simposios

Vilavedra, Dolores (2023): “Miguel Anxo Murado: ollar o mundo dende o país onde o sol morre”, **relatorio** no *Congreso internacional de iberística “Viaggi e viaggiatori: percorsi, camini, incursioni in area iberica”*. Padova, 21-22 de novembro de 2023.

Vilavedra, Dolores (2023): “A representación narrativa das mortes incómodas”, **relatorio** nas *Xornadas A morte nos fisterras europeos: Bretaña e Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 25 de abril de 2023.

Vilavedra, Dolores: coordinación da xornada *O galego ante o desafío das sociedades multilingües*, sesión do *Foro Pensar o mundo dende Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 8 de xuño de 2023.

### Publicacións

Como desenvolvemento dos materiais xerados para EDI-red, apareceron neste 2023 as seguintes publicacións:

Vilavedra, Dolores (2023): “Un xogo de abundancia narrativa e metaliteraria”, *Grial* 237, 92-93. Recensión de *Cornucopia*, de Raúl M. Santos.

Vilavedra, Dolores (2023): “*Requintada e sabia escrita: o compromiso coa literatura galega*”, en Ramón Villares (dir. editorial), *Luź na Terra. O SEG, unha institución de alta cultura*. Fundación Cidade da Cultura-Xunta de Galicia, 153-162.

Vilavedra, Dolores (2023): “Memoria y ficción en la narrativa gallega o como hacer visible lo invisible”, en L. Fernández Prieto e F. Leira Castiñeira (eds.), *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción sociopolítica de la dictadura franquista*. Valencia: PUV, 417-439.

Vilavedra, Dolores (2023): “Memoria y ficción en la narrativa gallega o como hacer visible lo invisible”, en Joan Oleza (ed.), *Claves ibéricas de la guerra civil: Memorias y narrativas*. Sevilla: Renacimiento, 615-656.

Vilavedra, Dolores (2023): “A narrativa galega e as novas diásporas. Claves de lectura e desafíos pendentes”, *Grial* 240, 88-95.

## B2.8. Edición da obra de Martín Sarmiento

**Investigador responsable:** Henrique Monteagudo

**Membros do equipo:** Rosario Álvarez, Xosé Antón López Silva, Serafín Alonso Pintos

**Financiamento:** Consello da Cultura Galega

**Páxina web:** <http://consellodacultura.gal/area2.php?arq=4023>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Transcrición do texto inédito *Papel sobre el Vegetable Seyxebra*, de Martín Sarmiento, a partir da copia manuscrita contida na Colección Medina Sidonia, tomo XI, fols. 424r-711v.
2. Preparación da edición dixital deste texto, en colaboración co Consello da Cultura Galega.
3. Preparación dos índices dos cinco volumes da *Obra de 660 Pliegos*.

## B2.9. Edición en liña do *Atlas Lingüístico Galego*

**Investigador responsable:** Xulio Sousa

**Membros do equipo:** Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Manuel González González, Francisco Dubert García, Xosé Luís Regueira, Antón Santamarina, Lucía Doval Iglesias, Pedro García Louzao, Reyes Rodríguez Rodríguez

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

Durante este ano iniciouse o proceso de selección e tratamento de datos dos volumes publicados. Na base de datos creada para albergar a información do proxecto almacenáronse os datos correspondentes a 185 mapas seleccionados dos tres primeiros volumes publicados: Morfoloxía verbal, Morfoloxía non verbal e Fonética. A empresa contratada presentou un bosquejo do deseño da páxina web que foi revisada polos membros do equipo. Ademais, celebráronse tres reunións de traballo ás asistiron parte dos membros do equipo e o representante da entidade financiadora, Fundación Barrié.

## B3. Ferramentas e recursos para o estudo, a análise e a explotación de datos lingüísticos

### B3.1. Arquivo do Galego Oral (AGO)

**Investigador responsable:** Francisco Fernández Rei / Carme Hermida Gulías

**Membros do equipo:** Concepción Álvarez Pousa, Carme Ares Vázquez, Xosé Henrique Costas González, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Xavier Varela Barreiro

**Informática:** Jose Antonio Cutrín Garabal

**Financiamento:** sen financiamento específico

**Páxina web:** <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/arquivo-do-galego-oral-ago>

**RECURSO DIXITAL:** <http://ilg.usc.gal/ago/>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Ampliouse o corpus con novas transcricións, adaptáronse materiais existentes e co programa ELAN aliñáronse novas transcricións sincronizadas por segmentos.
2. Tráballouse na realización dun buscador, mais a inexistencia de financiamento para o proxecto e a carga de traballo da persoa responsable da parte técnica son algúns dos motivos de que non se dispoña na rede do buscador do AGO.

### CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

#### Publicacións

Álvarez Pousa, Concepción (2022): “As fontes léxicas na lírica de Florencio Delgado Gurriarán”. *Boletín da Real Academia Galega*, 383, 79-98. <https://doi.org/10.32766/brag.383.819> (non se incluíu na memoria do 2022 porque saíu do prelo no 2023).

Álvarez Pousa, Concepción (2023): *A lingua de Viana do Bolo. Descrición e textos*. Vigo: Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións.

- Álvarez Pousa, Concepción (2023): “Entrevista a Domingo Frades Gaspar, valedor da Fala do Val do Ellas”. *A Trabe de Ouro* 124, 151-173.
- Álvarez Pousa, Concepción (2023): “Domingo Frades Gaspar: unha vida de entrega á Fala e á Terra do Val do Ellas”, xornal *O Sil ano 2000*, 03/02/2023. <https://osil.info/domingo-frades-gaspar-unha-vida-de-entrega-a-fala-e-a-terra-do-valdo-ellas/>
- Álvarez Pousa, Concepción (2023): “Polo Entrudio pegureiro, chourizos de masa e caldo: Porto de Seabra”, *Especial Entroido*, xornal *O Sil ano 2000*, febreiro 2023, 159.
- Álvarez Pousa, Concepción (2023): *Especial Letras Galegas Francisco Fernández del Riego. De Lourenzá a Vigo: un tramo infinito pola personalidade de Galicia. Raigame, Revista de arte, cultura e tradicións populares*. Deputación de Ourense.
- Álvarez Pousa, Concepción (2023): “Francisco Fernández del Riego. Escribir para soñar Galicia e o país de Valdeorras”, *Especial Letras Galegas*, xornal *O Sil ano 2000*, maio 2023, 9.
- Álvarez Pousa, Concepción (2023): “Fernández del Riego, o agasallo demorado de Reis para Galicia”, *Especial Nadal*, xornal *O Sil ano 2000*, decembro 2023, 40.
- Costas, Xosé-Henrique (2023): “Domingo Frades Gaspar e a dignificación do ‘galego’ de Estremadura nos últimos 30 anos”. *A Trabe de Ouro*, 122, 53-82.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2023): “Regañar os ollos sobre a lingua”, *Texto e territorio. Mapas literarios de onde o mundo se chama Bueu*. Vol. III, 22-33. <https://designrr.page/?id=297460&token=1288078523&type=FP&h=9360>
- Dopazo Entenza, José Manuel (2023): “A muller e o mar: Divina”, *Aunios* 28, 19-23. <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/28/05-Mulle-Dopazo.pdf>
- Fernández Rei, Francisco (2023): “Domingo Frades, moito amou a súa Fala”, en *Voces de ProLingua* 13/01/2023. <http://www.prolingua.gal/voces/domingo-frades-moito-amou-o-seu-lugar-e-a-sua-fala>
- Fernández Rei, Francisco (2023): “A contribución de Carme Ríos Panisse á cultura e á nomenclatura marítima de Galicia”, en Carme Ríos Panisse: *Vida mariñeira de Sada. Contribución pra un estudio lingüístico*. A Coruña: Deputación da Coruña, 97-125.
- Fernández Rei, Francisco (2023): “José Manuel Dopazo e o Patrimonio lingüístico e cultural da Illa de Ons”, *A Trabe de Ouro* 122, 145-150.
- Fernández Rei, Francisco (2023): “Lingua e cultura da Illa de Ons”, *Nova Ardentía*, 15, 130.
- Fernández Rei, Francisco (2023): “A vida da Sada mariñeira”, *A Trabe de Ouro*, 124, 137-141.
- Fernández Rei, Francisco (2023): “Carme Ríos Panisse e a vida mariñeira de Sada”, *Nova Ardentía*, 15, 136-137.
- Fernández Rei, Francisco (2023): “A columna ‘tronante y sonante’ do Entroido de Cacheiras (Teo)”, en *Entroido en Galicia 2023*, edita Periódico *O Sil*, 146.
- Hermida Gulías, Carme (2023): *A Ermida de Cascofés. Casos e cousas*. Coa colaboración de Francisco Vázquez Troitiño. Edición da autora. DL C-1291/2023.

## B3.2. Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega (CORILGA)

**Investigador responsable:** Xosé Luís Regueira Fernández

**Membros do equipo:** Élia Lago Pereira, Alicia López Besteiro, Elisa Fernández Rei, Noemi Basanta Llanes, Reyes Rodríguez Rodríguez, Xisela Tomé Lourido

**Informática:** Jose Antonio Cutrín Garabal

**Páxina web:** <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/corpus-oral-informatizado-da-lingua-galega-corilga>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

Este proxecto ten o obxectivo de elaborar e poñer en rede un corpus oral con transcricións ortográfica e fonética, aliñadas co arquivo de voz e anotadas en diferentes niveis (fonético, prosódico, gramatical, textual, temático). O corpus consta de gravacións da lingua falada en distintos niveis e rexistros (lingua rural, lingua urbana, lingua formal, lingua dos medios de comunicación), mulleres e homes de diferentes xeracións, e mesmo diferentes cortes temporais (desde gravacións dos anos 1960 ata gravacións actuais), así como diferentes modalidades de discurso (conversa, monólogo, entrevista, conferencia etc.).

A versión en construción no seu estado actual contén máis de 120 horas de gravacións aliñadas, lematizadas e anotadas con etiquetas morfolóxicas. Actualmente estase a realizar un buscador rápido e eficiente que poida dar resposta nun tempo reducido a buscas complexas. Estas tarefas non puideron levarse a cabo de forma completa por falta de financiamento específico, polo que non foi posible poñelo a disposición pública neste ano 2023 como estaba previsto. Non obstante, están a realizarse varios traballos académicos a partir dos datos e de consultas deste corpus.

### B3.3. ParlaMint

**Investigadora responsable:** Adina Ioana Vladu, Carmen Magariños Iglesias

**Membros do equipo:** Elisa Fernández Rei, Noelia García Díaz, Xosé Luís Regueira Fernández

**Informática:** Daniel Bardanca Outeiriño

**Páxina web:** <https://github.com/clarin-eric/ParlaMint/tree/main/Data/ParlaMint-ES-GA>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Codificación dos datos do Parlamento galego en formato TEI-xml seguindo as guías de ParlaMint. A codificación inclúe ricos metadatos con información dos locutores (identificador, nome, xénero, partido político...) e das intervencións (data, identificador, rol do locutor...).
2. Anotación lingüística automática e recoñecemento de entidades nomeadas (NER). A anotación lingüística automática permite realizar complexas análises lingüísticas sobre o discurso parlamentario. Á parte dos datos nas linguas orixinais, a versión do corpus traducida automaticamente ao inglés facilita os estudos comparativos entre todas as linguas incluídas.
3. Validación do corpus seguindo as guías de ParlaMint.
4. Participación nas reunións plenarias e nos grupos de traballo do proxecto.
5. Elaboración de documentación referente á compilación do corpus ParlaMint galego.

### CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Erjavec, Tomaž et al. (2023): Multilingual comparable corpora of parliamentary debates ParlaMint 3.0. <http://hdl.handle.net/11356/1486>
- Erjavec, Tomaž et al. (2023): Linguistically annotated multilingual comparable corpora of parliamentary debates ParlaMint.ana 3.0. <http://hdl.handle.net/11356/1488>.
- Erjavec, Tomaž et al. (2023): Multilingual comparable corpora of parliamentary debates ParlaMint 4.0. <http://hdl.handle.net/11356/1859>



- Erjavec, Tomaž et al. (2023): Linguistically annotated multilingual comparable corpora of parliamentary debates ParlaMint.ana 4.0. <http://hdl.handle.net/11356/1860>
- Kuzman, Taja et al. (2023): Linguistically annotated multilingual comparable corpora of parliamentary debates in English ParlaMint-en.ana 3.0. <http://hdl.handle.net/11356/1810>
- Kuzman, Taja et al. (2023): Linguistically annotated multilingual comparable corpora of parliamentary debates in English ParlaMint-en.ana 4.0. <http://hdl.handle.net/11356/1864>

### B3.4. Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo (CGPA)

**Investigador responsable:** Xavier Varela Barreiro

**Membros do equipo:** Ricardo Pichel Gotérrez, Xosé Carracedo Fraga, José António Souto Cabo, Miguel García Fernández, Rosário Ferreira, Charlotte Galves, Leonardo Lennertz Marcotulio, Juan Carrasco González

**Páxina web:** (<http://ilg.usc.es/cgpa/>)

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2023

1. Finalización, previa á apertura, do recurso *Fontes Textuais da Galicia Medieval*, en parcería co CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*). Os equipos que converxen neste proxecto, representativos do estudo das linguas latina e romances e do contexto histórico da Galicia medieval, queren contribuír con este recurso á substitución da tradicional visión en paralelo da relación entre o latín e os romances por outra na que, nunha nova concepción unitaria, os textos en latín e en romance se integren nun único marco diacrónico, no que durante un longo período foi o latín primeiramente a variedade exclusiva, despois dominante, máis tarde rapidamente secundarizada e, finalmente, desprazada polas variedades romances.

## B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS

Boullón Agrelo, Ana Isabel. Colaboradora no proxecto *Dictionnaire Étymologique Roman* (DÉRom), financiado pola Agence National de la Recherche (ANR) e a Deutsche Forschungsgemeinschaft (DFG). IP: Éva Buchi (directorate investigación do ATILF (CNRS e Nancy-Université) e Wolfgang Schweickard (Universität des Saarlandes - Saarbrücken). Período: desde 2007. <http://www.atilf.fr/derom>

Boullón Agrelo, Ana Isabel. Consultora-parceira para os nomes galegos do *Projeto Novo Dicionário de Nomes em Uso no Brasil*, coordinado pola Dra. Juliana Soledade (UFBA/UnB), integrado pola Universidade Federal da Bahia, Universidade de Brasília, Universidade de São Paulo e INEP (Instituto Nacional de Estudos e Pesquisas Educacionais). Período: desde 2017. <http://dicionariodenomesdobrasil.com.br/>

Carracedo Fraga, Xosé. IP do proxecto *CODOLGA. Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* do CRPIH.

Domínguez Vázquez, María José. Membro do grupo de investigación HUMBOLDT, financiado con axuda a Grupos de Potencial Crecemento da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. Período: 2020-2023.

Varela Barreiro, Xavier. Membro do proxecto *CODOLGA. Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

# ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS, ENCONTROS CIENTÍFICOS E OUTRAS ACTIVIDADES

## A. CONFERENCIAS

- Hellen Cristina Picanço Simas (Universidade Federal do Amazonas, Brasil), “Planificación lingüística para as linguas indíxenas do Brasil”. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 10/03/2023.
- Takeshi Kakihara (Universidade Kwansei Gakuin, Xapón), “O ensino de galego para non galegofalantes e as motivacións para estudar galego”. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 17/03/2023.

## B. CURSOS

- *XXXIII edición dos cursos de lingua e cultura galegas: Galego sen fronteiras*, coorganizada coa Real Academia Galega, 3-24 de xullo de 2023.
- *Curso de MAXQDA*, impartido por Marta Estévez Grossi (Instituto da Lingua Galega – USC). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 20-21 de xullo de 2023. Duración: 6 h.  
<https://ilg.usc.gal/gl/actividades/curso-de-maxqda>
- *Introdução aos estudos semântico-lexicais em língua portuguesa: perspetiva cognitiva socio-histórica*, impartido por Elisângela Santana dos Santos (Universidade do Estado da Bahia). Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía, 16-18/10/2023. Duración: 10 h.  
<https://ilg.usc.gal/gl/actividades/curso-estudos-semantico-lexicais-portugues>
- *Ciencia aberta e Humanidades Dixitais*, impartido por Emilio Abad Vidal (CESGA), Elena Díaz del Río (Biblioteca de Galicia), Pablo García Martínez (ILG, USC), Rocío Hernández Arias (CCHS-CSIC, UVigo) e Pilar Rico Castro (FECYT). Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía, 14/11/2023. Duración: 4 h.  
<https://ilg.usc.gal/gl/actividades/ciencia-aberta-humanidades-dixitais>

## C. XORNADAS

- *II Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico*, organizada polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela e o Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro. Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía, 09/10/2023. Duración: 7 h.  
<https://ilg.usc.gal/gl/II-xornada-variacion-cambio>
- *A práctica do piropo nos novos tempos*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 26/10/2023. Duración: 3h 30 min.  
<https://ilg.usc.gal/gl/actividades/practica-do-piropo-nos-novos-tempos>

